

*Resolución do 22 de decembro de 2006, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se conceden os premios a proxectos de innovación educativa en valores democráticos no marco do Plan Valora, para o curso académico 2006-2007, convocados ao abeiro da orde conxunta do 28 de setembro de 2006, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Consellería de Innovación e Industria, da Consellería de Sanidade, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.*

A Orde do 28 de setembro de 2006 (DOG do 10 de outubro) establece as bases e convoca setenta e oito premios a proxectos de innovación educativa en valores democráticos no marco do Plan Valora, para centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a desenvolver no curso académico 2006-2007 co fin de fomentar os valores democráticos, participativos e de convivencia na comunidade escolar da nosa comunidade autónoma.

Unha vez rematado o procedemento establecido na convocatoria, cómpre facer pública a relación de centros premiados para desenvolver o seu proxecto de innovación educativa en valores democráticos durante o curso 2006-2007.

En consecuencia, en virtude do establecido no artigo 6.3º da citada orde, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

#### RESOLVE:

Primeiro.-Concédense os premios convocados pola Orde de 28 de setembro de 2006 aos proxectos de innovación educativa en valores democráticos dos centros que se relacionan a continuación:

Nome do centro	Concello	Provincia
* Convivencia, cidadanía e cultura de paz		
IES Isidro Parga Pondal	Carballo	A Coruña
IES Saturnino Montojo	Ferrol	A Coruña
IES As Telleiras	Narón	A Coruña
IES Ponteceso	Ponteceso	A Coruña
IES Breamo	Pontedeume	A Coruña
CEIP A Gándara	Monforte de Lemos	Lugo
IES Manuel Chamoso Lamas	O Carballiño	Ourense
CPI Virxe da Saleta	San Cristovo de Cea	Ourense
IES Xesús Taboada Chivite	Verín	Ourense
CPI da Ribeira	O Porriño	Pontevedra
* Interculturalidade e paz		
CEIP Curros Enríquez	A Coruña	A Coruña
CEIP San Xoán de Filgueira	Ferrol	A Coruña
CPI O Cruce	Cerceda	A Coruña
CEIP Veleiro Docampo	Castro de Rei	Lugo

Nome do centro	Concello	Provincia
CEIP Julio Gurriarán Canalejas	O Barco de Valdeorras	Ourense
IES Carlos Casares	Viana do Bolo	Ourense
CEIP Manuel Villar Paramá	A Estrada	Pontevedra
IES A Sangriña	A Guarda	Pontevedra
IES Luís Seoane	Pontevedra	Pontevedra
* Igualdade		
CEIP Eugenio López	Cee	A Coruña
IES A Xunqueira I	Pontevedra	Pontevedra
CEP Marcos da Portela	Pontevedra	Pontevedra
CPI Manuel Padín Truiteiro	Soutomaior	Pontevedra
CRA Mestra Clara Torres	Tui	Pontevedra
* Educación vial		
IES Fernando Blanco	Cee	A Coruña
CEIP de Bormoio-Agualada	Coristanco	A Coruña
CEIP Atín-Cela	Mos	Pontevedra
CEIP Sárdoma-Moledo	Vigo	Pontevedra
IES Castro Alobre	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
* Consumo		
CEIP Pobra de Brollón	Pobra de Brollón	Lugo
CEIP Cruceiro	Sanxenxo	Pontevedra
* Lecer		
CEIP Mosteiro de Caaveiro	A Capela	A Coruña
CEIP José Cornide Saavedra	A Coruña	A Coruña
CEIP Emilia Pardo Bazán	A Coruña	A Coruña
CEIP Caión	A Laracha	A Coruña
IES A Pinguela	Monforte de Lemos	Lugo
CEP Luis Tobío	Viveiro	Lugo
CEIP Princesa de España	Verín	Ourense
CEIP Mestre Valverde Mayo	Mos	Pontevedra
* Saúde		
IES Monelos	A Coruña	A Coruña
CPI Monte Caxado	As Pontes	A Coruña
CEIP A Solaina	Narón	A Coruña
CPI San Sadurniño	San Sadurniño	A Coruña
CEIP A Igrexa-Calo	Teo	A Coruña
CPI de Atios	Valdoviño	A Coruña
CEIP Filomena Dato	Barbadás	Ourense
IES de Meaño	Meaño	Pontevedra
IES Val do Tea	Ponteareas	Pontevedra
CEIP Froebel	Pontevedra	Pontevedra
* Medio Mariño		
CEIP de Palmeira	Ribeira	A Coruña
CEIP de Laredo	Redondela	Pontevedra
CEIP Ría de Vigo	Vigo	Pontevedra
* Ambiente e desenvolvemento sustentable		
CPI San Vicente	A Baña	A Coruña
IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña
CEIP Frei Luis de Granada	Sarria	Lugo
CEIP Santa Rita	Viveiro	Lugo
IES Vilar Ponte	Viveiro	Lugo
IES Eduardo Blanco Amor	Ourense	Ourense
EEl Os Campos	Pontevedra	Pontevedra
CEIP Manuel Vidal Portela	Pontevedra	Pontevedra
CRA Mestre Manuel Garcés	Tomíño	Pontevedra
CEIP Escultor Acuña	Vigo	Pontevedra

Segundo.-Decláranse desertos: 1 proxecto Valora Interculturalidade e Paz, 5 proxectos Valora Igualdade, 5 proxectos Valora-Educación Viaria, 2 proxectos Valora-Lece e 3 proxectos Valora-Medio Mariño.

*Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2006.

M<sup>a</sup> José Pérez Mariño

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

## FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

*Resolución do 19 de decembro de 2006 pola que se acorda a publicación dos datos correspondentes ás asignacións definitivas aos agricultores da Comunidade Autónoma de Galicia, dos dereitos de pagamento único por explotación no marco da política agraria común.*

A orde da Consellaría do Medio Rural, do 6 de febreiro de 2006 (DOG nº 31, do 14 de febreiro) regula, entre outras cuestións, a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime do pagamento único, de conformidade co previsto no Regulamento (CE) nº 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, e Regulamento (CE) nº 795/2004, da Comisión, do 21 de abril, así como no Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime do pagamento único.

Na dita orde estableceuse o procedemento para asignación de dereitos, tanto aos agricultores con pagamentos no período de referencia (que actualizaron os seus datos e os relativos á súa explotación conforme a Orde da consellería, do 30 de maio de 2005, sobre actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime do pagamento único) como aos que recibisen unha explotación ou parte dela, ou solicitasen dereitos da reserva nacional, tendo en conta a porcentaxe de redución aplicable aos importes de referencia no primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento único.

Posto que a información relativa aos dereitos definitivos de pagamento único é básica, no marco da política agraria común, para a solicitude das axudas por todos os agricultores, independentemente da súa actividade produtiva, nos vindeiros anos e ata o 2013 e, ademais, a dita información afecta a maioría dos agricultores de Galicia así como as actividades produtivas agrarias con grande implantación no sector agrario galego, considérase oportuna a difusión da dita información por distintos medios e, especialmente, a través das oficinas agrarias comarcais e da páxina web da Consellería do Medio Rural. Ademais, dado que do resultado da asignación dependerá a concesión futura das axudas ligadas aos ditos dereitos, faise preciso homoxeneizar as datas para que calquera interesado, con ou sen asignación defini-

tiva, poida presentar un recurso administrativo contra as asignacións definitivas realizadas. Ambos motivos xustifican que se consideren razóns de interese público para os efectos de acudir ao mecanismo da publicación dos datos relativos ás asignacións definitivas aos agricultores da comunidade autónoma, dos dereitos de pagamento único por explotación no marco da política agraria común.

En consecuencia, e de conformidade co previsto nos artigos 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta dirección

### RESOLVE:

Primeiro.-Dar publicidade aos datos relativos ás asignacións definitivas, aos agricultores da Comunidade Autónoma de Galicia, dos dereitos de pagamento único por explotación, no marco da política agraria común.

Segundo.-Sinalar os lugares onde os interesados poderán comparecer ou acceder para coñecer o contido íntegro de cada resolución individualizada, que serán a oficina agraria comarcal da zona correspondente, así como a páxina web da Consellería do Medio Rural, no enderezo: <http://mediorural.xunta.es/PAC>.

Terceiro.-Indicar que a data para o acceso aos ditos datos será a partir do 8 de xaneiro de 2007. No prazo dun mes, a partir desa data, os interesados poderán presentar recurso de alzada ante o presidente do Fondo Galego de Garantía Agraria, contra a asignación ou non asignación de dereitos de pagamento único.

A presente resolución non esgota a vía administrativa e contra ela os interesados poderán presentar recurso de alzada ante o presidente do Fondo Galego de Garantía Agraria, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación da presente resolución.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2006.

Edelmiro López Iglesias

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 1 de decembro de 2006 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do capital humano das empresas galegas para a mellora da competitividade empresarial.*

Mediante Resolución do 7 de abril de 2006 publicáronse as bases reguladoras das axudas do Instituto